

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN MENIÑOS PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN CON MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL E CON NENOS E NENAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Fundación Meniños o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación Meniños para o desenvolvemento dun programa de intervención con mulleres vítimas de violencia sexual en Galicia e con nenos e nenas vítimas de violencia de xénero.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- A Fundación Meniños é unha organización sen ánimo de lucro que se atopa inscrita no Rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e conta cunha longa traxectoria no traballo de ámbito social, fundamentalmente con menores, pero tamén con mulleres e familias vítimas da violencia de xénero.
- No ano 2018 puxo en marcha unha unidade de intervención: "LIANA: laboratorio de investigación en apego e narrativa", única en Galicia, hoxe denominado "Centro de Asesoramento e Psicoterapia", dirixida a mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, a familiares ou persoas do entorno destas, así como aos equipos profesionais da rede que traballan con mulleres vítimas de violencia de xénero, centro que dende xaneiro de 2019 está en disposición de prestar atención a vítimas da violencia sexual nas catro provincias.

A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Fundación Meniños para o desenvolvemento de dous programas:

1.- Programa de intervención con mulleres vítimas de abuso sexual: O procedemento de intervención é unha axuda psicolóxica por parte de profesionais acreditados e con formación específica na atención ás vítimas de abuso sexual e trauma relacional, no contexto dunha relación segura e voluntaria.



2.- Programa de intervención con nenos e nenas vítimas de violencia de xénero: O programa ten por obxecto a intervención psicolóxica con perspectiva de xénero de xeito transversal en todo o proceso, dirixida á recuperación da sintomatoloxía presentada polos/as menores vítimas de violencia de xénero.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario. O carácter singular do presente convenio vén porque na nosa Comunidade Autónoma, non existe outro programa destas características, con persoal especializado e atención en todo o territorio. O evidente interese social e humanitario da labor desenvolvida por esta entidade, leva á Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, a establecer a presente liña de colaboración.

De conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrencia pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción deste convenio, posto que a Fundación Mdeniños ten como interese prioritario o poder ofertar ás mulleres vítimas de violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, un programa multimodal que implica o traballo individual coa vítima, a familia e o asesoramento e coordinación coa rede de persoas profesionais implicadas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

